

# RAÍÑA DE CORAZÓNS

May el-Toukhy, 2019

# 646

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2020 | V.O.S.E. | +18

*Dronningen* (2019, 127')

**Dirección:** May el-Toukhy

**Guión:** Maren Louise Käehne, May el-Toukhy

**Elenco:** Trine Dyrholm, Gustav Lindh, Magnus Krepper, Frederikke Dahl Hansen, Diem Camille Gbogou, Preben Kristensen, Mads Wille, Elias Budde Christensen,

Peter Khouri, Marie Dalsgaard, Ella Solgaard

**Son:** Hans Christian Arnt Torp

**Música:** Jon Ekstrand

**Fotografía:** Jasper Spanning

**Montaxe:** Rasmus Stensgaard Madsen

**Dirección de arte:** Jon Truelsen

**Vestiario:** Rebecca Richmond

**Produtora:** Nordisk Film, Det Danske Filminstitut, Radio (DR) (Dinamarca), SVT / Svenska Filminstitutet (Suecia)

**Distribuidora:** Festival Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Dinamarqués, sueco

## PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2019 (Premio do público), Göteborg 2019 (Premio do público, mellor filme, mellor actriz), Rotterdam 2019 (Premio Firebird)

## FILMOGRAFÍA

*Long Story Short*, 2015

## SINOPSE

Anne é unha popular avogada que vive o que semella ser a vida perfecta co seu home Peter e as súas fillas xemelgas. A aparición do seu fillastro adolescente, Gustav, pon patas arriba a harmonía que reina na vida de Anne. O que nun principio parece ser un movemento liberador para ela axiña se converte nunha historia de poder e traizón que terá consecuencias devastadoras na súa vida.

«Trine Dyrholm está incríbel. Un filme cunha superficie noir fría, fermosa e atractiva»

Guy Lodge, VARIETY



## “A sexualidade masculina e a agresión sexual aos homes é un tema tabú”

Entrevista con May el-Toukhy

Por Ola Salwa

### Que te inspirou para facer esta película?

Empecei a traballar neste proxecto porque estaba moi interesada en como nacen os segredos familiares. Daquela perdera alguén moi próximo a min e pouco despois moitos segredos saíron á luz. Iso fíxome pensar en todos os segredos que levan as persoas á tumba, e que morren con eles se ninguén máis está ao corrente. Así que basicamente quería explorar a orixe dos segredos familiares. Logo, comenteille a idea á miña coguionista, Maren Louise Kaehne, e pasado o tempo lemos algúns artigos sobre profesoras que tiveran sexo con alumnos. Falamos de como a xente tende a idealizar excesivamente as relacións entre unha muller adulta e un mozo novo, a diferenza daquelas entre un home adulto e unha moza nova, e como cambia a forma de contar cada noticia. Sabemos que a soa idea de que un padrasto teña sexo coa súa fillastra está mal, pero cando se trata dun mozo e da súa madrastra, non todo o mundo ten as cousas tan claras. Resulta difícil definir o que está ben e o que está mal aquí.

**A que cres que se debe isto?** En parte porque a sexualidade masculina e a agresión sexual aos homes é un tema tabú. Ademais, moitos homes tampouco se dan conta de que poden sufrir unha agresión. Algunhas persoas abordan este asunto dunha maneira algo condescendente,

porque «que mozo de dezasete anos non querría ter sexo cunha muller con máis experiencia ca el?, de que se queixa?». Poida que para eles sexa unha primeira ou segunda experiencia sexual incríbel e non unha agresión sexual, pero para outros homes non está ben e non se senten a gusto. Simplemente non teñen palabras para expresalo, e se non son capaces de falar diso, esa experiencia pode quedar no seu interior e xurdir en futuras relacións. Espero que a miña película sirva para concienciar sobre este asunto e anime as vítimas a buscar axuda.

**A depredadora sexual que se aproveita dun mozo máis novo que ela non é un personaxe que adoitemos ver nas películas. Como vos documentastes antes de escribir o guión?** Lemos moitos artigos, ensaios e libros, e mesmo o mito grego de Fedra, que tentou seducir ao seu fillastro e, cando el a rexeito o acuso de violación. Con todo, na miña opinión o máis útil foi falar cunha terapeuta especialista en casos deste tipo que traballou tanto coas vítimas como coas culpables e que tamén nos dixo en que tipo de familias adoitan darse estas situacións. Non crin necesario falar con agresoras que se estaban sometendo a terapia porque xa conseguíramos unha gran cantidade de información, e tampouco quería que a nosa película se basease nun caso xa existente; pola contra, tería sentido o compromiso de render ou non homenaxe a esa persoa. Ademais, como directora, para min é importante contar unha historia máis universal coa que a xente poida identificarse.

**Identificaches algún patrón nestes casos?** Si, as persoas que teñen relacións sexuais cun membro da súa familia adoitan

sentirse soas e queren chamar a atención; moitas tamén coñeceron a violencia de primeira man cando eran moi novas. Non estou a dicir que todas as persoas que sufriron abuso algunha vez se vaian converter en agresoras, é só un factor que pode influír. Os agresores adultos adoitan levar a cabo un «proceso de captación» onde normalmente o adulto confía no máis novo conseguindo que este confie nel. Así gañan a súa confianza, trátano como a un adulto e teñen conversas «adultas» con el. Este tipo de relacións poden converterse en relacións sexuais.

**Dotastes a protagonista de moitos matices diferentes; non é só unha mala persoa que fai cousas horribéis.**

Para a miña guionista e para min era fundamental que a personaxe principal fose o máis complexo posíbel, especialmente ao tratar este tema. Aínda que faga cousas horribles na película, unha vez foi unha nena inocente que se criou nunhas circunstancias que a converteron no que é. Fascíname e atérrame ao mesmo tempo que haxa tantas historias na actualidade sobre persoas que fan tanto o ben como o mal.

Publicada en <https://cineuropa.org>  
Tradución: Olalla Cociña Lozano

### A directora

May el-Toukhy (Copenhague, 1977), de nai danesa e pai exipcio, graduouse na Escola Danesa de Artes Escénicas en 2002 e na Escola de Cinema de Dinamarca en 2009. O seu debut como directora en 2015 foi un éxito de público e crítica, e reportoulle numerosos premios. A produtora Caroline Branco, a autora Maren Louise Käene e a actriz Trine Dyrholm, no equipo do seu primeiro filme, volven colaborar con ela en *Raíña de corazóns*, que obtivo, entre outros, o Premio do Público en Sundance. A directora, ademais, traballou en teatro e dirixiu obras de radio e episodios de series na televisión danesa.

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



## AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.  
#eusondenamax